

**CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
E FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNADO
DO CURSO DE POSGRAO PROPIO CEU EN XESTIÓN E INNOVACIÓN CULTURAL FM5F**

En Compostela , a 20 de xuLlo de 2023

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. D. Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A, e enderezo na Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022 de 22 de marzo (DOG 22/03/2022), do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades e o Decreto 14/2014 de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, e no seu nome D. Francisco Fraga López, Vicerreitor de Organización Académica y Campus de Lugo, en representación da Universidade de Santiago de Compostela (USC) en virtude de delegación de competencias aprobadas pola Resolución Reitoral de 21 de abril de 2022 (DOG de 26/04/2022)

Doutra dona Ana Isabel Vázquez Reboredo con NIF [REDACTED], directora xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, con enderezo social en Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n, 15707 Santiago de Compostela, en calidade de representante da entidade.

Todos eles en virtude de poderes suficientes para comparecer neste acto e vincularse, poderes ou capacidades que manifestan non lle foron modificados nin revocados.

Todas as partes recoñécense plena capacidade e lexitimación bastante para a formalización do presente convenio e aos efectos

EXPOÑEN

Primeiro.- A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo empresarial constitúe unha das preocupacións da Universidade de Santiago de Compostela.

Segundo.- O complemento que para a formación do alumno supón o coñecemento da realidade empresarial no ámbito das ensinanzas teóricas impartidas ao alumno é un dos obxectivos que a USC considera de maior importancia.

Terceiro.- Todas as partes consideran necesario un maior acercamento entre o ámbito empresarial e a universidade, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas de empresa, acadando ó mesmo tempo a mellor cualificación e futura adaptación ós postos de traballo demandados polas empresas.

Cuarto.- Todo iso evidencia a necesidade dun convenio que enmarque a cooperación educativa entre os asinantes e delimite as garantías recíprocas dos alumnos e as empresas no desenvolvemento do período de prácticas.

En consecuencia, acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración a teor das seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-OBXECTO.

O obxecto do presente convenio é regular os termos nos que se desenvolverán as prácticas do alumnado do Curso de Experto Universitario en Xestión e Innovación Cultural código FM5F, edición sétima na citada entidade colaboradora, de conformidade co establecido na normativa reguladora das prácticas académicas externas da USC e no Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios (BOE do 30 de xullo de 2014).

A través do presente convenio fíxanse as pautas e mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación do correcto desenvolvemento da colaboración.

Segunda.-DESTINATARIOS.

Os alumnos que participen nestas actividades serán seleccionados pola Comisión Académica do curso no que están matriculados. Estes alumnos seleccionados serán nomeados alumnos en prácticas pola USC, a través da formalización do anexo I, que deberá ser asinado por Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a USC antes do inicio das prácticas.

Os estudantes en prácticas non terán, en ningún caso, vinculación ou relación laboral, contractual ou estatutaria de ningún tipo coa empresa/entidade na que desenvolverán as prácticas formativas, nin terá consideración de contrato en prácticas, aprendizaxe, tempo parcial ou calquera outra modalidade existente. A subscrición do presente Convenio non suporá a adquisición de máis compromisos que os estipulados no mesmo.

Os alumnos en prácticas non poderán realizar tarefas de responsabilidade na empresa, nin (polo menos en solitario) aquelas exclusivas do persoal da empresa, estando sempre e en todo caso orientadas as prácticas a unha aprendizaxe práctica titorizada.

Terceira.- PLANIFICACIÓN DAS PRÁCTICAS.

O número previsto de alumnos a seleccionar é de 1. A duración do período de estadía será de 2 meses e deberán desenvolverse dentro da duración do curso obxecto do convenio.

As prácticas poderán prorrogarse, a condición de que a totalidade das mesmas non supere os nove meses de duración e previa aceptación pola USC, Fundación Cidade da Cultura de Galicia e do estudante seleccionado. A solicitude de prórroga, segundo modelo, deberá ser remitida con polo menos dez días de antelación á finalización das prácticas á USC.

A modalidade das prácticas poderá ser presencial, non presencial ou mixta. O carácter das mesmas deberá establecerse no Anexo I (proxecto formativo), de xeito que o alumno coñeza previamente a súa realización esa circunstancia. De ser as prácticas mixtas deberá indicarse a porcentaxe de presencialidade.

No caso de cursos totalmente non presenciais, as prácticas terán a mesma modalidade salvo indicación

en contrario na proposta do curso. Neste caso deberá aboarse o correspondente seguro escolar.

Previo ao inicio das prácticas por cada un dos alumnos, débese formalizar o anexo I deste convenio onde ven reflectido o lugar, horario e duración das mesmas así como os obxectivos académicos e as actividades a desenvolver durante a súa realización. No caso contrario, o alumno non será considerado pola USC alumno en prácticas nin se responsabilizará de ningunha actividade do mesmo en Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Cuarta.- TITORES.

Tanto a empresa como a Universidade, respectivamente, designarán sendos titores que se encargarán do seguimento das prácticas para cada un dos alumnos, supervisarán a súa realización. O titor da empresa poderá solicitar á USC un certificado acreditativo da súa colaboración nas prácticas

O titor da entidade colaboradora terá os seguintes deberes:

- a) Acoller o estudante e organizar a actividade a desenvolver de acordo ao establecido no Proxecto Formativo.
- b) Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e no compromiso coa aprendizaxe.
- c) Informar ao estudante da organización e funcionamento da entidade, e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
- d) Coordinar co titor académico da universidade o desenvolvemento das actividades establecidas, incluíndo aquelas modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvemento da práctica, así como a comunicación e resolución de posibles incidencias que puideran xurdir no desenvolvemento da mesma e o control de permisos para a realización de exames.
- e) Emitir o informe final no que se avaliará a actividade desenvolvida polo alumno durante as prácticas.
- f) Proporcionar a formación complementaria que precise o estudante para a realización das prácticas.
- g) Proporcionar ao estudante os medios materiais indispensables para o desenvolvemento da práctica.
- h) Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do estudante.
- i) Facilitar ao titor académico da universidade o acceso á entidade para o cumprimento dos fines propios da súa función.
- j) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudante como consecuencia da súa actividade como titor.
- k) Prestar axuda e asistencia ao estudante, durante a súa estadía na entidade, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza na mesma.

Quinta.- PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN E CERTIFICACIÓN DAS PRÁCTICAS.

Ao rematar o período de prácticas cada un dos alumnos deberá realizar unha memoria final sobre o traballo desenvolvido.

A avaliación das prácticas realizaraas a USC, en base ao informe do titor da entidade colaboradora e a memoria do alumno.

Por parte da empresa ou entidade colaboradora, no caso dunha avaliación favorable, emitiralle a cada un dos alumnos que participasen con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos, investigacións, etc. realizados nela. A

certificación deberá especificar que carecerá de efectos académicos e que, para estes efectos, quedará supeditada a avaliación que realice a USC das prácticas.

Por parte da Universidade:

No caso de prácticas contempladas no curso como obrigatorias poderá supoñer o recoñecemento de créditos prácticos necesarios para a obtención dos títulos correspondentes, segundo a proposta específica de cada curso.

No caso de prácticas optativas, a USC acreditará a realización destas mediante a súa descrición no reverso do título, aparecendo a súa duración e a entidade colaboradora onde se realizaron.

Sexta.- DEBERES E DEREITOS DOS ALUMNOS.

Durante a realización das prácticas académicas externas, os estudantes terán os seguintes dereitos:

- a) Á tutela, durante o período de duración da correspondente práctica, por un profesor da Universidade e por un profesional que preste servizos na empresa, institución ou entidade onde se realice a mesma.
- b) Á avaliación de acordo cos criterios establecidos pola Universidade.
- c) Á obtención dun informe por parte da entidade colaboradora onde realizou as prácticas, coa mención expresa da actividade desenvolvida, a duración e, no seu caso, o rendemento.
- d) A percibir, nos casos nos que así se estipule, achega económica da entidade colaboradora, en concepto de bolsa ou axuda ao estudo.
- e) Á propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.
- f) A recibir, por parte da entidade colaboradora, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.
- g) A cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, previa comunicación ca suficiente antelación á entidade colaboradora.
- h) A dispor dos recursos necesarios para o acceso dos estudantes con discapacidade á tutela, á información, á avaliación e ó propio desenvolvemento das prácticas en igualdade de condicións.
- i) A conciliar, no caso dos estudantes con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa súa situación de discapacidade.
- j) Aqueles outros dereitos previstos na normativa vixente e/o nos correspondentes Convenios de Cooperación Educativa subscritos pola Universidade e, no seu caso, a entidade xestora das prácticas vinculadas á mesma, coa entidade colaboradora.

Así mesmo, os estudantes deberán atender ó cumprimento das seguintes obrigas:

- a) Cumprir a normativa vixente relativa ás prácticas externas establecida pola universidade.
- b) Coñecer e cumprir o Proxecto Formativo das prácticas, seguindo as indicacións do titor asignado pola entidade colaboradora baixo a supervisión do titor académico da universidade.
- c) Manter contacto co titor académico da universidade durante o desenvolvemento da práctica e comunicarlle calquera incidencia que poida xurdir no mesmo, así como facer entrega dos documentos e informes de seguimento intermedio e a memoria final que lle sexan requiridos.
- d) Incorporarse á entidade colaboradora correspondente na data acordada, cumprir o horario previsto no proxecto educativo e respectar as normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborais da mesma.
- e) Aplicar o Proxecto Formativo e cumprir con dilixencia as actividades acordadas coa entidade colaboradora conforme ás liñas establecidas nel.
- f) Elaborar a memoria final das prácticas.

- g) Gardar a confidencialidade en relación coa información interna da entidade colaboradora e gardar secreto profesional sobre as súas actividades, durante a súa estancia e finalizada esta.
- h) Mostrar, en todo momento, unha actitude respectuosa á política da entidade colaboradora, salvagardando o bo nome da Universidade á que pertence.
- i) Calquera outro deber previsto na normativa vixente e/o nos correspondentes Convenios de Cooperación Educativa subscritos pola Universidade e, no seu caso, a entidade xestora de prácticas vinculada á mesma, coa entidade colaboradora.

Sétima.- SEGURIDADE DO ALUMNO E RESPONSABILIDADE CIVIL.

Durante o período de realización das prácticas os estudantes estarán cubertos, en caso de accidente, enfermidade ou infortunio familiar polo Seguro Escolar, nos termos e condicións que establece a lexislación vixente. Ademais, queda garantida a responsabilidade civil de danos a terceiros que poida ocasionar o estudante en prácticas pola póliza que a USC ten subscrita a tales efectos.

Oitava.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Créase unha Comisión de Seguimento e Interpretación do presente convenio integrada por parte da USC polo vicerreitor con competencias en titulacións de posgrao propio, ou persoa na que delegue, por parte do curso, Isabel Neira, e por parte da entidade colaboradora as dúas persoas que esta designe, María Pereira Otero e Mónica Pazos Pérez.

A Comisión de Seguimento terá as seguintes competencias con relación ás prácticas tuteladas:

- 1. Resolver os problemas que suscite na súa execución.
- 2. Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre partes.
- 3. Tomar medidas en relación ás incidencias que xurdan na realización das prácticas, incluída a expulsión de alumnos/as que non cumpran as cláusulas do convenio.

A comisión reunirse cando así o considere necesario calquera das partes.

Novena.- CONDICIÓN DE RESCISIÓN DAS PRÁCTICAS.

O incumprimento por parte do alumno das súas obrigas ante a entidade colaboradora, poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como alumno en prácticas.

O feito demostrado de que as prácticas na entidade non se axusten ao acordado coa coordinación do curso poderá ser motivo de rescisión delas e, neses casos, a Comisión de Seguimento deberá buscar unha solución de complemento para o período restante

Décima.- DURACIÓN DO CONVENIO.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e rematará 30/09/2023 (coincidindo co remate do curso), podéndose denunciar pola parte que considere vulnerado o espírito do mesmo por incumprimento dalgunha das súas cláusulas.

Undécima. - RESOLUCIÓN DO CONVENIO.

Serán causa de resolución do convenio:

- a) O mutuo acordo das partes.
- b) O incumprimento das cláusulas contidas no mesmo, previa reunión da Comisión de Seguimento.

Duodécima.- PROTECCIÓN DE DATOS.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelará a persoa allea á empresa/entidade información da que tiveran coñecemento, nin utilizar ou dispoñer dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de secreto fronte á empresa/entidade, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto o/a estudante asinará coa empresa/entidade un documento no que se obrigue a cumprir o deber de secreto antes citado.

Décimo terceira.- XURISDICIÓN.

As partes comprométense a resolver amigablemente as diferenzas que puideran xurdir a través de esa comisión de Seguimento.

Non obstante recoñécese a xurisdición contencioso-administrativa como competente na materia, dada a natureza pública das Universidades.

Pola USC

Por Fundación Cidade da Cultura de Galicia

D. Antonio López Díaz

Reitor

(Por delegación de Competencias R.R. 21/04/2022,
DOG de 26/04/2022)

D. Francisco Fraga López

Vicerreitor de Organización Académica y Campus
de Lugo

Dña. Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora xerente

Anexo I

PROXECTO FORMATIVO

Dunha parte o Excmo. Sr. D. Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A, e enderezo na Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022 de 22 de marzo (DOG 22/03/2022), do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades e o Decreto 14/2014 de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, e no seu nome D. Francisco Fraga López, Vicerreitor de Organización Académica y Campus de Lugo, en representación da Universidade de Santiago de Compostela (USC) en virtude de delegación de competencias aprobadas pola Resolución Reitoral de 21 de abril de 2022 (DOG de 26/04/2022)

Doutra a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, con G15721640 e enderezo en Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás S/N - 15707 Santiago de Compostela, e no seu nome e representación Dona Ana Isabel Vázquez Reboredo, actuando en calidade de directora xerente, que actúa con poder suficiente.

Conforme ao establecido no Convenio de Cooperación Educativa entre as partes asinado con data 27/06/2023, para a realización das prácticas de estudantes do Curso de Experto en Xestión e Innovación Cultural código FM5F, ambos representantes subscriben:

1. Nome e apelidos do alumno/a: [REDACTED]
2. Titulación do alumno: Diplomatura en Turismo DNI: 48299195T
3. Lugar onde se desenvolven as actividades: Cidade da Cultura
4. Titora da entidade: María Pereira Otero
5. Titora académica: Isabel Neira Gómez
6. Competencias básicas, xenéricas e/ou específicas que debe adquirir o estudante:
 - Aplicar os coñecementos adquiridos durante o Curso en casos reais e contornas profesionais. O desenvolvemento de certas tarefas dependerá da situación sanitaria e das medidas concretas para o sector cultural no momento de desenvolverse as prácticas.
 - Adquirir as destrezas e habilidades básicas para desenvolver un correcto traballo en equipo.
 - Coñecer en detalle o funcionamento interno dunha entidade cultural (empresa, colectivo, institución).
 - Exercitar as capacidades creativas e organizativas ao participar activamente no deseño e execución de proxectos culturais.
 - Establecer unha serie de contactos no eido profesional que poidan resultar de utilidade no seu futuro desempeño laboral.
 - Incrementar o coñecemento da/o estudante a respecto de técnicas e estratexias de financiamento, marketing e comunicación dunha entidade cultural.

- Gañar en confianza e seguridade nas propias capacidades ao implementar con autonomía funcións e tarefas propias dun/dunha xestor/a cultural.
 - Dispor da oportunidade de formular propostas de mellora que redunden positivamente na organización de acollida
7. Actividades ou tarefas a desenvolver durante as prácticas:
Procesos relacionados coa xestión de exposicións
8. Duración do Programa de Prácticas: Do 01/09/2023 a 30/09/2023
Horas semanais: 25horas Horas totais: 105 horas
9. Carácter das prácticas:
Curriculares optativas ☒ Curriculares obrigatorias ☐ Extracurriculares ☐
10. Horario da Práctica:
Mañá ☒ e/ou Tarde ☐ Online ☐
11. No caso de prácticas *Online* deberá indicarse unha descrición do seu contido e o xeito en que se van a realizar a súa titorización.
12. Existe axuda económica ou bolsa pola parte da entidade para a realización das prácticas:
- Si ☐ Non ☒
- No caso afirmativo, modalidade de financiamento:
- a. Bolsa de Axuda ao alumnado a desembolsar pola Entidade: _____€
- b. Forma de pago: a entidade deberá facer efectivo o pago da cantidade establecida directamente ao alumno polos medios que considere adecuados e da alta na Seguridade Social consonte co Real Decreto 1493/2011.*

Polo que se asina, en Compostela a 27 de xuño de 2023

Pola USC

Por Fundación Cidade da Cultura

D. Antonio López Díaz
Reitor

Dña Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora xerente

(Por delegación de Competencias R.R. 21/04/2022, DOG
de 26/04/2022)

D. Francisco Fraga López
Vicerreitor de Organización Académica y Campus de Lugo

* Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

Dona **Sonia Miralles Bou**, con DNI **48299195T**, alumna da USC,

MANIFESTA

Que coñece os termos do convenio citado e que se compromete ao cumprimento dos deberes que se derivan tanto do citado convenio como da normativa aplicable.

Que autoriza tanto á USC como á (Entidade Colaboradora/empresa) a que seus datos sexan cedidos e tratados conforme establece a cláusula duodécima do convenio.

E para que así conste para os efectos oportunos, Sinatura

A ALUMNA